



Así o expuso hoxe Manuel Salgado, técnico da Consellería de Medio Ambiente, no marco do II Foro Galego de Educadores e Educadoras Ambientais celebrado hoxe no CEIDA

“A Axenda 21 escolar de Galicia pretende educar para a sostibilidade a través da participación e implicación de toda a comunidade educativa”

- NO ENCONTRO ESTÁNSE A ABORDAR OS PRINCIPAIS PROXECTOS AMBIENTAIS QUE SE ESTÁN LEVANDO A CABO NA COMUNIDADE

Oleiros, 1 de marzo de 2008.- “Educar para a sostibilidade a través da Axenda 21 escolar de Galicia supón tomar como referencia os principios do desenvolvemento sostible e asumilos no propio centro educativo a través da participación e implicación de toda a comunidade escolar”. Esta é a principal finalidade que, nas palabras de Manuel Salgado, técnico da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, persegue este programa educativo desenvolto conxuntamente pola súa Consellería e a de Educación e Ordenación Universitaria.

Así, e segundo Salgado, a Axenda 21 escolar “impregna coa súa metodoloxía os desenvolvementos curriculares das áreas e materias, propicia a innovación didáctica, focaliza a forma de facer as cousas e integra proxectos singulares e actividades ailladas nun marco transversal”.

Por outra banda, esta mañá, a Asociación para o Desenvolvemento Rural Sostible *Grelo Verde* presentou un dos seus proxectos estrela como é introducir produtos ecolóxicos nos menús dos comedores escolares. “A través desta substitución de alimentos -e tal como explicou Anabel Dacosta, unha das representantes desta entidade-, procúrase mellorar a saúde dos rapaces, o benestar animal e o incremento na demanda dos produtos ecolóxicos”. Esta iniciativa estáse levando a cabo en cinco O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.

colexos da provincia de Ourense, e están pendentes de integrarse cinco máis.

Tamén no marco deste encontro se deron a coñecer os programas que se están desenvolvendo tanto en Galicia coma fóra da comunidade no que se refere á posta en valor do patrimonio marítimo como dinamizador local. Deste xeito, Francisco Brea, da cooperativa experta en educación ambiental *CEM*, expuxo os tres proxectos que acaban de levar a cabo no que se refere ó medio mariño: o proxecto “Mar de Laxe”, consistente na posta en valor do recinto da súa lonxa con paneis divulgativos; “Rianxo: o mar feito tradicional”, no que se elaboraron 22 paneis interpretativos que engloban elementos materiais e distintas maquetas de embarcacións tradicionais; e finalmente o programa que desenvolve a segunda fase da exposición e módulos interpretativos da nova lonxa comercial turística de Fisterra.

Pola súa parte, Paula Pérez, portavoz da *Coordinadora Para el Estudio de Mamíferos Marinos* (CEMMA), presentou no foro o programa de educación e promoción do voluntariado ambiental sobre o litoral e o medio mariño que están desenvolvendo entre a poboación de entre 14 e 30 anos.

Finalmente, Mónica Agrazo, responsable da Área do Medio Mariño do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), deulle a coñecer o proxecto SEREA aos arredor de cen educadores ambientais galegos que acudiron ao encontro. Este pretende buscar solucións á crise do sector da pesca de baixura a través de actividades complementarias baseadas no pescaturismo, na pesca sostible, e na innovación tecnolóxica.

A posibilidade de educar no medio a través dos contos, posto en boca de Anxo Moure, de *Papaventos educación ambiental*, así como a posibilidade de degustar produtos ecolóxicos completaron a sesión matutina deste foro organizado polo CEIDA e a SGEA – Sociedade Galega de Educación Ambiental -, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

Sesión vespertina

Noutra orde de cousas, pola tarde afondarásese na posibilidade de crear unha base de datos de profesionais da Educación Ambiental en Galicia, así coma na necesidade da conservación e cooperación internacional a o voluntariado e a profesionalización no sector.

O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.